

PREGUNTAS DOS TEMAS 15, 16 E 17

1. Explica brevemente que é:
a) Un sapropel e) O metamorfismo d) A diaxénese f) Un batólito
b) A ordenación do territorio c) un risco mixto
2. Elixe unha das dúas cuestións seguintes:
a) Explica brevemente a relación existente entre o vulcanismo e a Teoría de Tectónica de Placas.
b) Explica a relación existente entre acidez e basicidade dos magmas, a súa viscosidade e os tipos de aparatos volcánicos orixinados en cada caso
3. Como inflúe a meteorización física na meteorización química?
4. Defínese a **Facies Sedimentaria** como o conxunto de características litolóxicas e paleontolóxicas que permiten identificar un sedimento ou rocha sedimentaria. Que información podemos obter ademais, estudando a facies de unha rocha?
5. Clasifica os seguintes ambientes de sedimentación:

- Plataforma continental	
- Praia	
- Delta	CONTINENTAIS
- Lacustre	
- Arrecifes	
- Fondo abisal	DE TRANSICIÓN
- Noiro profundo	
- Eólicos	
- Glaciarios	MARIÑOS
- Fondo abisal	
- Esteiros	
6. Cita e explica brevemente os tipos de metamorfismo.
7. Explica a relación existente entre acidez e basicidade dos magmas, a súa viscosidade e os tipos de aparatos volcánicos orixinados en cada caso.
8. Explica que información poden achegan os fósiles ó estudio das rochas.
9. Explica brevemente o proceso de litificación ou diaxénese das rochas sedimentarias.
10. Describe o ambiente sedimentario no que se produce: unha pudinga, unha calcaria fosilífera e o petróleo.
11. Comenta os principais procesos de meteorización física.

12. Comenta as diferencias e semellanzas existentes entre:

- Xelifracción e haloclastia
- Xisto e gneis
- Lignito e hulla
- Brecha e pudinga
- Rochas plutónicas e rochas volcánicas
- Medidas estruturais e medidas non estruturais.
- Escala de Richter e escala de Mercalli.

1. Escolle unha das seguintes opcións:

- a) Analiza os factores de risco recollidos no texto, sacando conclusións sobre a contribución ao risco total dos factores perigosidade e exposición.

“O volcán Rakata, situado nunha illa das inmediacións dos estreitos de Sonda, entrou en erupción no ano 1883. Durante os anos previos houbo alí numerosos sismos, e días antes da erupción principal, producíronse numerosos estoupidos. O día 21 de maio orixinouse unha gran columna eruptiva de 10 km de altura e 500 km de radio de acción, que comezou a lanzar ao aire grandes fragmentos de pedra pómez que aboiaban no mar. O 16 de agosto o capitán do barco inglés Charles Bal anotou no libro de a bordo que os estoupidos parecían fogo de artillería, que os fragmentos de pedra pómez eran tan grandes como cabazas e que a atmosfera tiña tal electricidade estática, xerada polo ascenso das pingas de auga na atmosfera, que se manifestaba nos mastros do barco en forma de fogos de San Telmo.


Durante as noites seguintes o ruído ía sendo cada vez máis enxordecedor. O día 27 de agosto produciuse un enorme estoupido debido á entrada de auga mariña no interior do cráter e desenvolveu unha columna eruptiva que acadou os 80 km de altura e un radio de acción de 700.000 km. Tralo estoupido produciuse un baleirado súpeto da cámara magmática e rematou coa formación de unha caldeira e o afundimento de tres cuartas partes da illa.

Ao estar deshabitada a illa, non se produciu ningún morto e os danos materiais foron escasos. Foron os tsunamis orixinados polo afundimento os que causaron 36.417 vítimas e numerosos danos materiais nas costas de Java e Sumatra. Ademais, escureceuse a luz do Sol en moitos lugares da Terra.”

Tomado de “La inestable Tierra, De Basil Booth y Frank Fitch (Salvat); modificado.

- b) No ano 2002 un terremoto de 7 grados na escala de Richter afectou á cidade de Hong Kong provocando 100 mortos. Ese mesmo ano outro terremoto da mesma magnitude afectou a unha zona rural de Turquía provocando máis de 20.000 mortos. Analiza e compara estes dous casos desde o punto de vista do risco, indicando a influencia de cada un dos factores de risco nos efectos destas dúas catástrofes.

2. O seguinte mapa de riscos ilustra a distribución de raios en España, valorado en número de raios por km². Contesta ás seguintes preguntas:



- Que tipo de riscos constitúen os raios das tormentas?
- Que é un mapa de riscos? En función de que factor de riscos está elaborado este? Cales son as rexións españolas máis susceptibles?
- Explica como contribúen ó risco total cada un dos tres factores de risco. Como calcularías cada un dos tres factores de risco?

1. Contesta verdadeiro (V) ou falso (F) ás seguintes afirmacións:

- A meirande parte do vulcanismo terrestre prodúcese pola fricción das placas litosféricas.
- As rochas plutónicas son máis abundantes que as volcánicas.
- Existe actividade volcánica que non está asociada aos límites de placas.
- Os minerais leucocratos teñen maior proporción de sílice que os melanocratos.
- Os magmas félsicos ou graníticos teñen menor contido en sílice que os basálticos.
- Nos magmas ultramáficos serán máis frecuentes os minerais melanocratos que os leucocratos.
- Os silicatos son minerais cunha estrutura básica de tetraedros.
- Un batólito é un plutón volcánico de grandes dimensións.
- A incorporación de auga a unha rocha pode facer máis fácil a súa fusión.
- O magma en xeral é máis denso que as rochas que o rodean.
- O magma en xeral é máis denso que as rochas que o rodean.
- Os glaciares non fan ningún tipo de selección no transporte de materiais.
- Os seres vivos son axentes de meteorización mecánica e química.
- Os termos meteorización e erosión son sinónimos.
- As rochas metamórficas poden formarse a partir de calquera outro tipo de rocha.